



Información gratuita no teléfono social

900 333 666

Destinos, prestacións, quendas e prezo da estadia:

Destinos	Prestacións	Datas e quendas	Prezo da praza
Thalasso Cantábrico **** Aloxamento Hotel****/Restaurante Wellness Thalasso Viveiro. Lugo	Circuíto (un acceso diario)	do 12 ao 17 de maio	201,00 euros
		do 19 ao 24 de maio	
		do 26 ao 31 de maio	
		do 22 ao 27 de setembro	
		do 6 ao 11 de outubro	
		do 20 ao 25 de outubro	
		do 27 de outubro ao 01 de novembro	
		do 03 ao 08 de novembro	
do 10 ao 15 de novembro			
Hotel Talaxo Louxo **** Illa da Toxa. Pontevedra.	Parque Mariño (60 minutos/día)	do 12 ao 17 de maio	201,00 euros
		do 19 ao 24 de maio	
		do 22 ao 27 de setembro	
		do 20 ao 25 de outubro	
		do 27 de outubro ao 01 de novembro	
		do 03 ao 08 de novembro	
		do 10 ao 15 de novembro	
		do 17 ao 22 de novembro	

PROGRAMA DE BENESTAR A TRAVÉS DA TALASOTERAPIA

Programa de benestar a través da talasoterapia 2019

O programa de Benestar a través da talasoterapia, facilita que as persoas maiores accedan a establecementos que oferten talasoterapia en épocas nas que a climatoloxía non permite gozar directamente dos beneficios das augas mariñas.

Mediante este programa ofértanse un total de 362 prazas con estadias de 6 días (5 noites) en talasos de Galicia nas datas que se indican no anexo IV.

Persoas beneficiarias e requisitos

1. Serán persoas beneficiarias do programa de Benestar a través de talasoterapia aquelas que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de 60 anos ou maior de 55 e, neste caso, reunir a condición de pensionista do sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, agás no caso de fillos ou fillas que acudan en calidade de acompañantes.
- Non padecer alteracións do comportamento que poidan afectar a normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos de talasoterapia.
- Acadar, de conformidade co baremo establecido, a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas.

* Non se contempla ningún tipo de apoio para as persoas que non se poidan valer por si mesmas.

2. A persoa solicitante poderá ir acompañada de:

- O seu ou a súa cónxuxe ou, se fose o caso, a parella de feito ou persoa coa que teña unha unión estable e de convivencia con análoga relación á conxugal, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra a) do número primeiro.
- Un fillo ou filla que teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre e cando este o poida facer sen necesidade de apoio de terceira persoa, se poida desprazar con autonomía, comparta o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpra os requisitos anteriores, agás o da letra a).
- Unha persoa coa que desexe participar no programa, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos citados anteriormente.

3. As persoas solicitantes terán que cumprir os requisitos establecidos na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Servizos e prestacións que se inclúen

- Estadía de 6 días, 5 noites (de domingo a venres).
- Acceso diario ao circuíto mariño.
- Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en cuartos dobres, de uso compartido.
- Póliza colectiva de seguro turístico.

Solicitudes

As solicitudes presentaranse, preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Para a tramitación destas solicitudes poderán consultarse os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:



- Documento nacional de identidade (DNI), ou número de identificación de estranxeiro (NIE), segundo proceda, relativo á persoa solicitante e, se for o caso, á que a acompaña: cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal, filla ou fillo con discapacidade ou outra persoa.
- Certificado de empadramento relativo á persoa solicitante e, se for o caso, á que a acompaña: cónxuxe, parella de feito ou relación análoga á conxugal, filla ou fillo con discapacidade ou outra persoa.

- Declaración do imposto da renda das persoas físicas correspondente ao último período no que se presente a solicitude ou certificado das pensións outorgadas polo INSS ou pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante e da acompañante, se for o caso.
- Certificado do grao de discapacidade do fillo ou filla da persoa solicitante, se o dito certificado foi expedido pola Xunta de Galicia.

No caso de que as persoas interesadas ou acompañantes se opoñan a esta consulta deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude ou nos anexos II ou III, segundo proceda, e achegar os documentos acreditativos correspondentes.

En todo caso, e cando proceda, terán que xuntar os seguintes documentos:

- Copia compulsada do pasaporte, se procede, relativa á persoa solicitante e, se for o caso á que se acompaña.
- Libro de familia da persoa solicitante, no caso de que queira acudir ao programa acompañada dun fillo ou filla con discapacidade.
- Certificado das pensións non outorgadas polo INSS nin pola Xunta de Galicia, da persoa solicitante e da acompañante, se fose o caso.
- Certificado do grao de discapacidade do fillo ou filla da persoa solicitante, se o dito certificado non foi expedido pola Xunta de Galicia ou non estiver no poder desta.
- Informe médico actualizado no caso de ter algunha limitación, alerxia ou enfermidade que requira dalgunha atención especial.

A documentación complementaria tamén se presentará preferiblemente por vía electrónica

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será de un mes desde a súa publicación, ata o 2 de maio.

Valoración das solicitudes

Para a adxudicación das prazas terase en conta o baremo que figura no anexo V da orde reguladora do programa, segundo o que se teñen en conta a idade e os ingresos económicos das persoas solicitantes.

En caso de empate daráselle prioridade ás persoas que teñan menores ingresos, seguidas das de maior idade.

Adxudicación de prazas

Para que a adxudicación de prazas sexa definitiva, as persoas ás que se lle concede a praza terán que enviar, ao lugar e no prazo que se lle indique, o documento de aceptación da praza xunto co xustificante de ter boado o importe de reserva de praza no balneario adxudicado.

Información

• Consellería de Política Social

Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia

Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 544640, 546737/FAX: 981 545691

correo electrónico:

autonomiapersoal.sxps@xunta.gal

<http://politicassocial.xunta.gal/web/portal/portada-de-maiores>

• Xefaturas territoriais

Servizos de Dependencia e Autonomía Persoal

Rúa Concepción Arenal, 7-9. 15006 A Coruña.

Teléfono: 881881537 Fax: 981881506

Rúa Serra de Ancares, 68 baixo. 27003 Lugo.

Teléfono: 982294896 Fax: 982889162

Rúa Concello, 14. 32003 Ourense (Centro sociocomunitario)

Teléfono: 988372430 Fax: 988370884

Praza da Estrela, s/n - 3º Andar. 36201 Vigo

Teléfono: 986817214 Fax: 986817637

• Centros sociocomunitarios de Benestar da Consellería de Política Social

• Servizos sociais comunitarios dos concellos e servizos sociais de atención primaria e especializada de saúde

• Teléfono Social: 900 333 666

